



Segundo a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía, as persoas propietarias de animais de compañía teñen que cumprir as obrigas e respectar as prohibicións indicadas.

NORMATIVA DE TENZA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA

PROHIBICIÓN

- ** Maltrato é abandono de animais.
- ** Manter os animais en condicións inadecuadas, sexan hixiénicas sanitarias ou ambientais.
- ** Manter os animais atados permanentemente ou limitar os seus movementos necesarios.
- ** Venda, regalo ou doazón de animais a persoas menores de 16 anos, sen consentemento dos pais ou titores legais.
- ** Agasallar animais como premio en atraccións públicas.
- ** Obrigar os animais a facer traballos ou actividades que supere a súa capacidade de esforzo físico.
- ** Utilizar animais en pelexas ou outras actividades que leven consigo malos tratos.
- ** Entrada de animais en locais que realicen calquera proceso do sector alimentario.
- ** Dar educación agresiva ou violenta os animais.
- ** Calquera tipo de mutilación, incluídas as estéticas, agás as médico-cirúrxicas.
- ** Gravación de escenas de maltrato, crueldade, morte ou sufrimento animal.
- ** Alimentar animais vagabundos sen autorización correspondente
- ** Realizar mendicidade ou calquera actividade ambulante utilizando animais como reclamo ou publicidade.
- ** Utilización de fármacos e substancias que modifiquen o comportamento do animal.
- ** A utilización de calquera utensilio e mecanismo de suxección e educación que cause danos ao animal.
- ** Empregar animais en atraccións feriais e circos.

OBRIGAS

- ** Alimentar e dar auga aos animais de xeito correspondente á especie e raza.
- ** Proporcionar revisións veterinarias, tratamentos preventivos paliativos ou curativos necesarios.
- ** Proporcionar un ambiente libre de estrés, medo e sufrimento, coa posibilidade de interacción.
- ** Recoller os excrementos depositados polos animais.
- ** Adoptar as medidas necesarias para evitar que os animais accedan libremente a propiedades públicas ou privadas.
- ** Evitar a reprodución incontrolada dos animais.
- ** Proporcionar un aloxamento cómodo, seguro e hixiénico que os protexa dos elementos meteorolóxicos.
- ** Proporcionar exercicio e descanso necesario aos animais.
- ** Facilitar a documentación e información as autoridades cando sexa requirida.
- ** Contratación dun seguro de responsabilidade civil, e identificación do animal.
- ** Actualizar os documentos de rexistro obrigatorios.





Segundo a **Lei 4/2017, do 3 de outubro**, de protección e benestar dos animais de compañía, as persoas propietarias de animais de compañía teñen que cumprir as obrigas e respectar as prohibicións indicadas.

NORMATIVA DE TENZA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA

TRANSPORTE DE ANIMAIS:

- ** Durante o transporte os animais teñen que ser alimentados e abeberados, adecuadamente segundo a súa especie e raza.
- ** Non se poden transportar animais enfermos ou feridos, agás excepcións médicas.
- ** Teñen que ir nun espazo ventilado e de temperaturas adecuadas, que lles permita levantarse, xirar, e deitarse.
- ** Prohibido levalos en maleteiros totalmente pechados e levar os animais atados a vehículos a motor en marcha.

REXISTRO:

- ** No caso dos cans, a súa identificación farase nos tres primeiros meses de vida.
- ** A identificación realizarase mediante o microchip e a inscrición no Regiac (Registro galego de identificación de animais de compañía). Esta inscrición deberá constar de:
 - *Código identificador.*
 - *Número de pasaporte sanitario.*
 - *Especie e raza.*
 - *Sexo, data de nacemento, e enderezo habitual do animal.*
 - *Datos da persoa propietaria.*
- ** Os cans que permanezan en Galicia un período de tempo inferior a tres meses non precisarán rexistrarse.

